



PROXECTO EDUCATIVO

IES DA CAÑIZA
Rúa Álvaro Cunqueiro s/n
A Cañiza

setembro 2023

ÍNDICE

HISTORIA

1. INTRODUCCIÓN

2. ESTUDO DO CONTEXTO NO QUE ESTÁ SITUADO O CENTRO

2.1 Análise dos elementos externos

- 2.1.1 CONTORNO DEMOGRÁFICO E ECONÓMICO
- 2.1.2 CONTORNO SOCIOCULTURAL
- 2.1.3 RELACIÓNS CO CONCELLO
- 2.1.4 RELACIÓNS COS CENTROS ADSCRITOS E OUTROS
- 2.1.5 RELACIÓNS CON OUTRAS INSTITUCIÓNS EDUCATIVAS
- 2.1.6 RELACIÓNS CON EMPRESAS

2.2 Análise dos elementos internos

- 2.2.1 INSTALACIÓNS
- 2.2.2 EQUIPAMENTO TECNOLÓXICO
- 2.2.3 OFERTA EDUCATIVA
- 2.2.4 ALUMNADO
- 2.2.5 PROFESORADO
- 2.2.6 ESTADO DOS DOCUMENTOS DE CENTRO
- 2.2.7 ESTRUCTURA ORGANIZATIVA E XESTIÓN
- 2.2.8 RESULTADOS ACADÉMICOS

3. CONCRECIÓN CURRICULAR

3.1. Aspectos Xerais

- 3.1.1 A ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DAS ETAPAS AO CONTEXTO DO CENTRO
- 3.1.2 CONTRIBUCIÓN E ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE
- 3.1.3 **CRITERIOS PARA DESENVOLVER OS PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS E INCORPORAR OS ELEMENTOS TRANSVERSAIS**
- 3.1.4 CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE A METODOLOXÍA
- 3.1.5 CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE OS MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS
- 3.1.6 CRITERIOS DE OFERTA EDUCATIVA, ITINERARIOS E OPTATIVIDADE
- 3.1.7 CRITERIOS PARA O DESEÑO DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS
- 3.1.8 CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLANS DE REFORZO OU DE RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO QUE PROMOCIONE CON MATERIAS, ÁMBITOS OU MÓDULOS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES
- 3.1.9 CRITERIOS XERAIS SOBRE AVALIACIÓN, PROMOCIÓN E TITULACIÓN (CANDO PROCEDA)
- 3.1.10 CRITERIOS XERAIS PARA A CONCESIÓN DA MATRÍCULA DE HONRA
- 3.1.11 DECISIÓNS E CRITERIOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS
- 3.1.12 CRITERIOS PARA A PARTICIPACIÓN DO CENTRO EN PROXECTOS, PLANS E PROGRAMAS
- 3.1.13 O PROCEDEMENTO PARA A REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR

4. XESTIÓN DOS RECURSOS DO CENTRO

4.1 Recursos materiais e plan para a súa obtención

4.2 Recursos humanos e a súa xestión

5. NORMAS DE ORGANIZACIÓN (documentación anexa)

5.1 Dereitos e deberes do alumnado

5.2 NOF

5.3 Normas de convivencia

5.4 Plan de igualdade

5.5 Plan de mellora dos resultados educativos e a coordinación co entorno

6. PROGRAMAS E PROXECTOS (documentación anexa)

6.1 Proxecto lingüístico

6.2 Plan de lectura

6.3 Plan de atención á diversidade

6.4 Plans específicos personalizados para alumnado repetidor

6.5 Plans de orientación e acción tutorial

6.6 Estratexia dixital



HISTORIA

O IES da Cañiza, na provincia de Pontevedra, foi construído no ano 1978, a pouco máis dun quilómetro do núcleo urbano da vila que lle dá nome. Aínda que dende o principio se demandou un centro de Bacharelato para a zona, a administración educativa, decidiuse por un centro de Formación Profesional. Este centro comezou a funcionar no ano académico 1979/80 como Sección Delegada, dependendo administrativamente do instituto de Formación Profesional de Pontearreas, actualmente IES Pedra da Auga, que é o máis próximo á localidade da Cañiza dentro dos límites provinciais.

No primeiro ano de funcionamento, comezaron a implantarse as ramas de Administrativo e Comercial e a de Delineación, sendo no curso académico 1982/83 cando comeza a impartirse a Formación Profesional de segundo grao da rama administrativa e implántase tamén a rama de Mecánica Agrícola.

É en agosto de 1983 cando o centro deixa de ser Sección Delegada do Instituto de Pontearreas e convértese en instituto de Formación Profesional. No curso académico 1984/85 deixan de impartirse as tres ramas de Formación Profesional e comézase coa experimentación das novas ensinanzas contempladas na REM (Reforma das Ensinanzas Medias). Esta experiencia non foi frutuosa dada a prematuridade con que se implantou e o descoñecemento das familias, que eran remisos a que os seus fillas e fillos se matricularan nunhas ensinanzas que para eles non lles ofrecían as mínimas garantías, mesmo para o propio profesorado. Ante o fracaso destas novas ensinanzas que se estaban a experimentar, volveuse a demandar por parte do concello e do propio centro a necesidade de comezar a impartir o BUP e COU e, deste xeito, evitar que o alumnado da zona de influencia do centro tivera que desprazarse a Ribadavia e Pontearreas. No curso 1985/86 a rama de Formación Profesional de primeiro grao deixa de chamarse Mecánica Agrícola e pasa a impartirse a rama de Automoción que experimenta unha maior demanda de alumnado. Tamén neste mesmo curso se reinician as ensinanzas da rama administrativa e comercial, non sucede así coa rama de delineación que ante a escasa demanda deixa de impartirse a partir do curso 1984/85.

No curso 1991/92 comezan as ensinanzas de BUP, converténdose o centro nun IESP (Instituto de Ensino Secundario e Profesional), ó compatibilizar ensinanzas de Formación Profesional e Bacharelato Unificado Polivalente.

A partir do curso 1999/00 comezan a impartirse as ensinanzas LOXSE tanto no ámbito da Formación Profesional Específica (ciclos medios de Electromecánica de Vehículos e Xestión Administrativa e superior de Administración e Finanzas) como de Bacharelato en dúas modalidades (ciencias da natureza e da saúde e humanidades e ciencias sociais). Tamén se incorporaron os PGS (Programa de Garantía Social) das familias de administración e mantemento de vehículos.

Dende entón, e a pesar dos cambios nas políticas de educación a través da LOE, LOMCE e LOMLOE, as ensinanzas impartidas no centro non sufriron cambios significativos, existindo na actualidade os Ciclos Medios de Electromecánica de Vehículo e Xestión Administrativa, Ciclos Básicos de Mantemento de Vehículos e Informática de Oficina, Bacharelato na modalidade Ciencias e Humanidades sendo polo tanto, un centro de ensino secundario postobrigatorio.

1. INTRODUCCIÓN

A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación modificada pola Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, establece no **artigo 121 “PROYECTO EDUCATIVO”** o que segue:

«1. El proyecto educativo del centro recogerá los valores, los fines y las prioridades de actuación, incorporará la concreción de los currículos establecidos por la Administración educativa, que corresponde fijar y aprobar al Claustro, e impulsará y desarrollará los principios, objetivos y metodología propios de un aprendizaje competencial orientado al ejercicio de una ciudadanía activa. Asimismo, incluirá un tratamiento transversal de la educación en valores, del desarrollo sostenible, de la igualdad entre mujeres y hombres, de la igualdad de trato y no discriminación y de la prevención de la violencia contra las niñas y las mujeres, del acoso y del ciberacoso escolar, así como la cultura de paz y los derechos humanos.

El proyecto educativo del centro recogerá asimismo la estrategia digital del centro, de acuerdo con lo establecido en el artículo 111 bis.5.»

«2. Dicho proyecto estará enmarcado en unas líneas estratégicas y tendrá en cuenta las características del entorno social, económico, natural y cultural del alumnado del centro, así como las relaciones con agentes educativos, sociales, económicos y culturales del entorno. El proyecto recogerá, al menos, la forma de atención a la diversidad del alumnado, medidas relativas a la acción tutorial, los planes de convivencia y de lectura y deberá respetar los principios de no discriminación y de inclusión educativa como valores fundamentales, así como los principios y objetivos recogidos en esta Ley y en la Ley Orgánica 8/1985, de 3 de julio, Reguladora del Derecho a la Educación, especificando medidas académicas que se adoptarán para favorecer y formar en la igualdad particularmente de mujeres y hombres.»

«2 bis. Los centros adoptarán las medidas necesarias para compensar las carencias que pudieran existir en la competencia en comunicación lingüística, en lengua castellana y en su caso en las lenguas cooficiales, tomando como referencia el análisis realizado previamente e incluyendo dicho análisis y tales medidas en su proyecto educativo.

Las Administraciones educativas adoptarán las iniciativas necesarias para facilitar a los centros la aplicación de dichas medidas.»

«2 ter. El proyecto educativo incorporará un plan de mejora, que se revisará periódicamente, en el que, a partir del análisis de los diferentes procesos de evaluación del alumnado y del propio centro, se planteen las estrategias y actuaciones necesarias para mejorar los resultados educativos y los procedimientos de coordinación y de relación con las familias y el entorno.»

«3. En el marco de lo establecido por las Administraciones educativas, los centros establecerán sus proyectos educativos, que deberán hacerse públicos con objeto de facilitar su conocimiento por el conjunto de la comunidad educativa. Asimismo, corresponde a las Administraciones educativas contribuir al desarrollo del currículo favoreciendo la elaboración de modelos abiertos de programación docente y de materiales didácticos que atiendan a las distintas necesidades de los alumnos y alumnas y del profesorado.»

No marco da dita normativa redáctase o seguinte Proxecto Educativo do Centro.


2. ESTUDO DO CONTEXTO NO QUE ESTÁ SITUADO O CENTRO

2.1 Análise dos elementos externos

2.1.1 CONTORNO DEMOGRÁFICO E ECONÓMICO

Xeograficamente, o concello da Cañiza está situado ao sur de Galicia, na parte SE da provincia de Pontevedra. Conta cunha extensión de 108,1 Km² e está dividido en 9 parroquias, formando parte da Comarca de Paradanta xunto cos concellos de Arbo, Crecente e Covelo.


Demográficamente o concello reduciu considerablemente a súa poboación; entre os anos 1981 e 2003 o número de habitantes pasou de case 8.500 a pouco máis de 5.000, un 40%. Se ben é certo que esta cifra mantense ata a actualidade. Un dato a salientar é que o 25% da poboación é maior de 65 anos (datos do IGE).



Economicamente foise perdendo a actividade de pequenas empresas e negocios debido á construción da Autovía das Rías Baixas A-52, que se ben mellorou a comunicación coas cidades de Vigo e Ourense, deixou a un lado a este tipo de comercio polo menor tránsito na vila. Por contrapartida, a mellora na comunicación fixo que novas empresas se instalaran nos polígonos da Uceira e Ribadil.

O contorno do centro é rural onde, en xeral, as condicións económicas das familias están no segmento medio-baixo, cun traballo baseado na economía doméstica rural. A renda por habitante é baixa, non só no concello da Cañiza, tamén nos outros que forman a Comarca da Paradanta, con valores próximos a un 45% menos que a renda media por habitante en Galicia (datos do IGE).

Renda bruta por habitante



2.1.2. CONTORNO SOCIOCULTURAL

Así mesmo o nivel de estudos é medio baixo, onde unha parte importante da poboación ten estudos primarios.

A zona de influencia do centro está moi espallada e mal comunicada. O transporte non axuda moito para que as familias se poidan comunicar facilmente coa capital da comarca, o cal dificulta a relación co centro, sendo isto algo moi importante no ámbito educativo.

O alumnado do centro a pesar de non ser lexítimo usuario do transporte escolar, por cursar ensinanzas postobrigatorias, fai uso das liñas que comunican a comarca co CPI da Cañiza, e dende o curso 2021/22 teñen a súa disposición unha liña que comunica os dous centros facendo dúas paradas na vila.

2.1.3. RELACIÓNS CO CONCELLO

Hai unha comunicación cordial e fluída co goberno municipal, estando presente nas convocatorias do Consello Escolar e participando nas propostas feitas dende o centro, tanto de melloras no contorno como na promoción das ensinanzas impartidas.

É de especial relevancia a relación directa co Servizo de Igualdade e Benestar Social do concello, do que obtemos un maior contacto coas familias e os problemas que poden afectar ao noso alumnado.

2.1.4. RELACIÓNS COS CENTROS ADSCRITOS E OUTROS

O centro adscrito é o **CPI da Cañiza**, de onde procede a maioría do alumnado de Bacharelato e Formación Profesional Básica. Ademais compartimos dous docentes das especialidades de Relixión Católica e Educación Física. Esta situación favorece unha boa relación entre os centros, a través do Departamento de Orientación e a Secretaría, e unha organización de horarios coordinada a través das Xefaturas de Estudos.

Historicamente, outro centro co que existe boa relación é o **CPI de Padrenda Crespos**, onde algún ano ven un grupo reducido do seu alumnado a cursar Bacharelato.

Antes da pandemia dada pola COVID-19, o alumnado de 4ª de ESO destes centros participaban no día de portas abertas que se celebraba no IES da Cañiza a comezos de febreiro, para promocionar as ensinanzas impartidas, e que consistía nun roteiro polas distintas instalacións onde se lles facía unha presentación por parte de cada unha das persoas responsables (talleres de Automoción, aulas de Informática e Administrativo e laboratorios de Bioloxía e Física).

Foi a partir da pandemia cando se decidiu promocionar o noso centro visitando outros, onde un grupo de docentes e orientador/a explican a oferta educativa ao alumnado. Actualmente tamén colaboran con esta visita informativa o **IES Pazo da Mercé (As Neves)** e o **CPI de Mondariz**.

2.1.5. RELACIÓNS CON OUTRAS INSTITUCIÓNS EDUCATIVAS

O IES da Cañiza, a través do Departamento de Orientación, mantén comunicación coas universidades galegas e outros centros educativos onde se imparten outros ciclos de Formación Profesional, para dar a coñecer a súa oferta educativa ou dar resposta á información que demanda o alumnado.

2.1.6. RELACIÓNS COAS EMPRESAS

As ensinanzas de FP que se imparten no centro, levan consigo a realización do módulo de prácticas en empresas para a formación do alumnado (FCT); por este motivo, existe unha relación estreita de colaboración cas empresas dedicadas ao mundo da automoción e de servizos; ademais de participar en actividades ca asociación de comerciantes do concello.

Outro motivo que reflicte positivamente é que un dos principios de organización do centro é traballar con empresas de provedores e autónomos da comarca, onde a comunicación é próxima e serve de apoio á economía local.

2.2. ANÁLISE DOS ELEMENTOS INTERNOS

2.2.1 INSTALACIÓNS

Están formadas por un edificio principal, tres talleres de automoción (dous deles comunicados entre si), un polideportivo con vestiarios e unha ampla superficie de pistas deportivas.



O edificio principal está dividido en planta baixa e dous andares seguindo a distribución das aulas segundo a táboa:

Nome da aula	Ensinanza	Localización
Bioloxía	Bacharelato	1º andar
Física e Química		
Lingua Castelá		
Inglés		
Lingua Galega		
Latín		
Electromecánica	CM Electromecánica de Vehículos FP Básica Mantemento de Vehículos	2º Andar
FOL	Ciclos Medios e Bacharelato	
Orientación	Orientación Educativa	
Tecnoloxía	Bacharelato	
Filosofía		
Historia		
Matemáticas		
Debuxo	CM Xestión Administrativa	
1º CM XA		
2º CM XA		

IES da Cañiza

1ºFPB INF	FP Básica Informática de oficina	
2ºFPB INF		
1º FPB MV	FP Básica Mantemento de vehículos	
2º FPB MV		

Ademais conta na planta baixa do edificio principal con conserxería, secretaría, dous despachos de dirección, sala de reunións, sala de profesorado, sala ordenadores para docentes, sala de titorías, biblioteca, salón de actos, vivenda de conserxe e cafetaría con almacéns.

Unha liña de actuación herdada dos anteriores equipos é o constante traballo de mantemento e mellora das instalacións, por iso o estado delas é bo.

2.2.3. OFERTA EDUCATIVA

A oferta educativa do IES da Cañiza é:


ENSINANZA		Nº de grupos	
Bacharelato	Modalidades:	1º curso	2
	- Ciencias e tecnoloxía - Humanidades - Ciencias Sociais	2º curso	2
Ciclos de Grao Medio	Electromecánica de Vehículos	1º curso	1
		2º curso	1
	Xestión Administrativa	1º curso	1
		2º curso	1
Ciclos de Grao Básico	Mantemento de Vehículos	1º curso	1
		2º curso	1
	Informática de Oficina	1º curso	1
		2º curso	1
	TOTAL		12

2.2.4. ALUMNADO

O número do alumnado na última década non variou de forma moi significativa, con valores próximos a 150 ata o curso 19/20 e posteriormente 125.

Estes datos distan moito dos 340 alumnos e alumnas que estaban matriculados no curso 1997/98 nun total de 14 grupos, só dous máis que na actualidade.

Alumnado matriculado nos últimos 10 años



O alumnado repártese practicamente por partes iguais entre Bacharelato e Formación Profesional. O alumnado de Bacharelato caracterízase por proceder na súa totalidade do centro adscrito, o CPI da Cañiza. Na Formación Profesional varía a procedencia, nos ciclos de grao básico (Mantemento de Vehículos e Informática de Oficina) e o ciclo medio de Xestión Administrativa procede dos municipios da comarca de Paradanta (A Cañiza, Crecente e Arbo principalmente). É no ciclo de electromecánica onde se produce un feito salientable, o alumnado ven dende outros concellos fora da comarca (Mondariz, As Neves, Salvaterra de Miño, Pontearreas, Vigo...).

Esta diversidade de procedencia do alumnado en Formación Profesional xustifica a estratexia de promoción do centro, baseada na visita de varios docentes das distintas familias profesionais e orientación a outros centros para informar da oferta educativa, ademais da difusión en radio e redes sociais.

2.2.5. PROFESORADO

O claustro do IES da Cañiza está formado por 28 docentes (Educación Física e Relixión Católica son compartidos co CPI da Cañiza, onde teñen o seu destino).

Entre unha terceira e unha cuarta parte do profesorado non ten praza definitiva no centro, o que fai necesario unha petición todos os anos de docentes a través do concurso de adxudicación de destinos provisionais (CADP) axustándose ás materias ofertadas e ás necesidades do centro.

Este número importante de novo profesorado fai necesario ter un protocolo de acollida, onde se pon en coñecemento as normas de funcionamento do centro e a visita das súas instalacións e espazos, que serve tamén para todo aquel docente que se incorpora durante o curso por motivo dunha substitución.

Só unha moi pequena parte do persoal reside na Cañiza, procedendo unha parte moi importante de Ourense e zonas próximas a Vigo.

O claustro de profesorado participa moito en actividades organizadas entre departamentos, plans de formación e grupos de traballo.

Todas estas características fan que no centro exista un bo ambiente de traballo.

2.2.6 PERSOAL NON DOCENTE

Está formado por catro persoas, unha realiza o traballo de administrativo, unha de subalterno e dúas de limpeza.

A maiores, o servizo de cafetaría está adxudicado a unha persoa allea ao centro a través dunha concesión.

2.2.7. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA E XESTIÓN

A distribución organizativa do centro é a establecida no Regulamento Orgánico dos institutos de educación secundaria de Galicia (*Decreto 324/1996, do 26 de xullo*).

ORGANIGRAMA IES DA CAÑIZA	
Órganos de Goberno	
UNIPERSOAIS	Director/a, Xefe/a de Estudos, Secretario/a e Vicedirector/a.
COLEXIADOS	Consello Escolar. Claustro de Profesorado.
Órganos de Coordinación Docente	
DEPARTAMENTOS	Orientación, Actividades Complementarias e Extraescolares e Departamentos Didácticos.
OUTROS	CCP, Coordinación da FCT, Equipo de Normalización Lingüística.

No IES da Cañiza non hai ningunha ANPA e non hai representación de pais e nais no Consello Escolar por non existir candidatos nas eleccións ao mesmo.

Tampouco hai unha asociación propia de alumnos e alumnas, pero si que contan con representación no Consello Escolar, escollidos entre os seus membros. Os delegados e delegadas de cada aula escollen ao comezo de curso os seus representantes a quen se remitirán as comunicacións das organizacións de estudantes e da dirección do centro.

3. CONCRECIÓN CURRICULAR

3.1. Aspectos Xerais

3.1.1 A ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DAS ETAPAS AO CONTEXTO DO CENTRO

Obxectivos do Centro por áreas

Proceso de ensino e aprendizaxe:

- Mellorar de xeito continuado o funcionamento xeral do centro, poñendo en coñecemento de toda a comunidade educativa, as normas de funcionamento do centro, os distintos plans que se están a traballar, e a existencia dos documentos que hai confeccionados para tal efecto.
- Garantir a elaboración das programacións didácticas mediante as aplicacións *Programacións*, para a Formación Profesional, e *Proens*, para Bacharelato nos prazos indicados pola Consellería.
- Aplicar na avaliación do alumnado a recollida dos datos e os acordos do proceso estandarizado de avaliación.
- Fomentar de forma dinámica a formación permanente do profesorado, para o mellor desempeño das súas funcións.
- Favorecer a coordinación entre os equipos docentes dos diferentes Ciclos de Formación Profesional Básica.

Publicidade e información:

- Difundir a oferta educativa a través da web e redes sociais do centro, radio, prensa e visita aos centros educativos e aos concellos da comarca.

Actividades extraescolares e biblioteca:

- Continuar co sistema de xestión da biblioteca, adquirindo fondos para a mesma e renovación do seu equipamento.
- Realizar formación e actividades na biblioteca: charlas, exposición, cursos, relatorios...

- Aumentar a zona de influencia da biblioteca, colonizando novos espazos do centro.
- Levar a cabo durante o curso escolar actividades complementarias e extraescolares para todos os grupos do centro, programando e coordinando as mesmas entre os diferentes equipos ou departamentos e a vicedirección do centro.

Mantemento e obras:

- Facer un mantemento preventivo, e de ser o caso, de reparación das instalacións do centro (ventás, falsos teitos, iluminación, fontanería, xardinaría, etc) tratando de manter o propio edificio e as súas instalacións no mellor estado.
- Facer obras de acondicionamento e mellora das instalacións (zonas comúns, aulas e outros espazos) segundo as necesidades.

TIC/Informática:

- Utilizar a aula virtual como ferramenta educativa, en tódolos módulos e materias.
- Mellorar e manter en bo estado de funcionamento os medios informáticos e tecnolóxicos do centro.

Seguridade:

- O obxectivo prioritario é garantir a seguridade e a saúde no centro. entendida como o benestar físico, psíquico e social, de todos e cada un dos seus membros.
- Estimular e concienciar ao noso alumnado para ter unha cultura de saúde e de protección ante os posibles riscos.
- Facer do centro un espazo seguro de traballo, seguindo e facendo seguir o plan de autoprotección e formando aos traballadores do centro en materia de Prevención de Riscos.
- Realizar, con carácter anual, un simulacro dunha situación de perigo ou emerxencia no centro, para conseguir que alumnado e traballadores saiban actuar convenientemente nun caso real.

Os obxectivos a acadar no Bacharelato e na Formación Profesional segundo a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación modificada pola Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, detállanse á continuación.

Obxectivos do Bacharelato

Segundo o artigo 33 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, modificada pola Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, o Bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a *ciudadanía democrática*, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución Española e do Estatuto de Autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.

b) Consolidar unha *madureza persoal, afectivo-sexual e social* que lles permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico. Prever, detectar e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, así como as posibles situacións de violencia.

c) Fomentar a *igualdade* efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e o ensino do papel das mulleres na historia, e impulsar a igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnica, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade de xénero, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

d) Afianzar os *hábitos de lectura, estudo e disciplina* como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa *expresión* oral como na escrita, a *lingua galega* e a *lingua castelá*.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis *linguas estranxeiras*.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as *tecnoloxías da información e da comunicación*.

- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do *mundo contemporáneo*, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e na mellora do seu ámbito social.
- i) Acceder aos *coñecementos científicos e tecnolóxicos* fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da *investigación e dos métodos científicos*. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao ambiente.
- k) Afianzar o *espírito emprendedor* con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- l) Desenvolver a *sensibilidade artística e literaria*, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- m) Utilizar a *educación física e o deporte* para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Afianzar os hábitos de actividades físico-deportivas para favorecer o benestar físico e mental, así como medio de desenvolvemento persoal e social.
- n) Afianzar actitudes de respecto e *prevención* no ámbito da mobilidade segura e saudable.
- o) Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do *desenvolvemento sustentable*.
- p) Valorar, respectar e afianzar o *patrimonio cultural material e inmaterial* de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.
- Este último apartado engadido polo Decreto 157/2022 de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Obxectivos da Formación Profesional

Segundo o artigo 40 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, modificada pola Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, a Formación Profesional no sistema educativo axudará aos estudantes a acadar resultados de aprendizaxe que lles permitan:

- a) Desenvolver as *competencias propias de cada título* de formación profesional.
- b) Coñecer a organización e as características do *sector produtivo* correspondente, así como os mecanismos de *inserción profesional*.
- c) Coñecer a *lexislación laboral* e os dereitos e obrigas que se derivan das relacións laborais.
- d) Aprender por si mesmos e *traballar en equipo*, así como formarse en prevención de conflitos e a súa resolución pacífica en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, con especial atención á prevención da violencia doméstica.
- e) Promover a *igualdade* efectiva de oportunidades entre homes e mulleres, así como as persoas con discapacidade, para acceder a unha formación que permita todo tipo de opcións profesionais e o exercicio das mesmas.
- f) Traballar en condicións de seguridade e saúde, así como *prever os posibles riscos* derivados do traballo.
- g) Desenvolver unha *identidade profesional* que motive futuras aprendizaxes e adaptacións á evolución dos procesos produtivos e ao cambio social.
- h) Desenvolver habilidades de *innovación* e *espírito emprendedor* que favorezan a súa empregabilidade e desenvolvemento profesional.
- i) Preparar o alumnado para a súa *progresión no sistema educativo*.

j) Coñecer e previr os *riscos ambientais*.

k) Preparar ao alumnado en materia de *dixitalización* do seu sector produtivo.

Os ciclos formativos de **Grao Básico** contribuirán a que o alumnado adquiera competencias de educación secundaria obrigatoria.

Os ciclos formativos de **Grao Medio** contribuirán a ampliar as competencias básicas de educación adecuándoas a un ámbito ou sector profesional que permita ao alumnado aprender ao longo da vida, progresar no sistema educativo e incorporarse á vida activa con responsabilidade e autonomía.

Nas programacións didácticas están fixadas as estratexias que desenvolverá o profesorado para acadar os obxectivos e resultados de aprendizaxe avaliábeis previstos en cada materia ou módulo e, de ser o caso, en cada ámbito, así como a adquisición das competencias.

As metodoloxías empregadas son activas e participativas, e tratan de favorecer o traballo individual e o traballo cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes. Ditas metodoloxías tratan de favorecer o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación en distintos campos do saber, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, así como a transferencia e a aplicación do aprendido.

3.1.2. CONTRIBUCIÓN Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

Bacharelato

Segundo o DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, na elaboración da programación de cada materia terase en conta que a acción educativa favorecerá o traballo individual e en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación en distintos campos do saber, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, así como a transferencia e a aplicación do aprendido. Para estes efectos, terase en conta as orientacións pedagóxicas que figuran para cada materia onde aparece a relación entre os obxectivos da materia de que se trate, e as competencias clave a través dos descritores operativos establecidos.

Relación de competencias clave:

CCL - Competencia en comunicación lingüística

CP - Competencia plurilingüe

STEM - Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría

CD - Competencia dixital

CPSAA - Competencia persoal, social e de aprender a aprender

CC - Competencia cidadá

CE - Competencia emprendedora

CCEC - Competencia en conciencia e expresións culturais

Formación Profesional:

Segundo o DECRETO 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da Formación Profesional do sistema educativo de Galicia, os currículos das ensinanzas de Formación Profesional desenvolveranse tendo en conta os perfís profesionais dos títulos a través dos obxectivos xerais que o alumnado ten que alcanzar ao finalizar un ciclo formativo e os obxectivos propios de cada módulo profesional, expresados a través dunha serie de resultados de aprendizaxe, entendidos como as competencias que deben adquirir os alumnos e as alumnas nun contexto de aprendizaxe, que lles permitirán conseguir os logros profesionais necesarios para desenvolveren as súas funcións con éxito no mundo laboral.

Asociado a cada resultado de aprendizaxe establécense uns criterios de avaliación e unha serie de contidos, que proporcionarán o soporte de información e destreza preciso para lograr as competencias propias do perfil do título.

En cada programación deseñaranse as unidades didácticas en función dos contidos do módulo, e adxudicase un peso específico aos criterios de avaliación para cada un dos resultados da aprendizaxe que debe adquirir o alumnado.

3.1.3. CRITERIOS PARA DESENVOLVER OS PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS E INCORPORAR OS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Tanto nas ensinanzas de bacharelato coma nas de formación profesional, traballarase a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade.

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade, e o respecto polo Estado de dereito.

Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, e incorporarase transversalmente a realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

No IES da Cañiza, trabállanse coordinadamente os elementos transversais, a partir de conmemoracións establecidas no calendario escolar publicado pola Consellería para cada curso, entre elas:

- 25 de novembro: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 30 de novembro ao 7 de decembro: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.

- 10 de decembro: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 11 de febreiro: Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia.
- 23 de febreiro: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 6 ao 10 de marzo: Semana da Prensa.
- 1 de abril: Día das Artes Galegas.
- 7 de abril: Día Mundial da Saúde.
- Do 17 ao 21 de abril: Semana do Libro.
- 2 de maio: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio: Día de Europa.
- Do 15 ao 19 de maio: Semana das Letras Galegas.
- 17 de maio: Día Internacional contra a Homofobia, a Transfobia e a Bifobia.
- 5 de xuño: Día Mundial do Medio Ambiente.

3.1.4 CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE A METODOLOXÍA

A estratexia será partir das **orientacións pedagóxicas** das ordes dos currículos de ciclos formativos e bacharelato, e ter presente a diversidade do alumnado e os recursos dispoñibles. Priorizar as estratexias que, froito da experiencia e da formación dos docentes, contribúan a que o alumnado alcance os obxectivos propostos na materia. Este apartado debería ser

obxecto de reflexión, posta en común e revisión periódica nas reunións dos Departamentos Didácticos, que teñen entre as súas funcións manter actualizada a metodoloxía didáctica.

A metodoloxía didáctica na **Formación Profesional** promoverá no alumnado, mediante a integración dos contidos científicos, tecnolóxicos e organizativos, unha visión global e coordinada dos procesos produtivos nos que debe intervir.

Do estudo das capacidades e dos correspondentes criterios de avaliación, contrastados coa observación dos elementos de capacidade profesional descritos para os títulos profesionais, dedúcese que a aprendizaxe debe basearse no saber facer, e que os contidos deben definirse ao redor dos procesos reais de traballo. O proceso de ensino e aprendizaxe, programarase en base á realización dunha serie de actividades de aprendizaxe, (de forma individual e/ou en grupos), que pretenden propiciar a iniciativa do alumnado e o proceso de autoaprendizaxe, desenvolvendo capacidades de comprensión e análise, de relación e de procura e manexo da información. Conectar a aula co mundo real, coas empresas, profesionais, e Organismos Administrativos que conforman a contorna profesional.

En bacharelato, a metodoloxía didáctica favorecerá o traballo individual e en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación en distintos campos do saber, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, así como a transferencia e a aplicación do aprendido. Para estes efectos, no deseño das actividades de cada materia, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se establecen nas orientacións pedagóxicas para cada materia no anexo II do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

As tecnoloxías da información e da comunicación serán unha ferramenta necesaria para a aprendizaxe en todas as materias, tanto polo seu carácter imprescindible na educación superior como pola súa utilidade e relevancia para a vida cotiá e a inserción laboral.

Tamén será de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato, e de habilidades de uso da información, de expresión escrita e de se expresar correctamente en público.

Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos e aos criterios de avaliación similares nas distintas materias lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

As linguas oficiais utilizaranse só como apoio no proceso de aprendizaxe das linguas estranxeiras. No devandito proceso priorizaranse a comprensión, a expresión e a interacción oral.

3.1.5 CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE OS MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

O centro garantirá que todas as etapas disporán dos recursos necesarios e establecidos nos currículos, tendo a disposición de todo o profesorado, departamentos e materias, unha serie de materiais e recursos didácticos, que con carácter xeral serán utilizados para a consecución dos obxectivos e resultados de aprendizaxe de cada etapa, e para a adquisición das competencias clave. As programacións didácticas dos diferentes departamentos recollerán os diferentes recursos e materiais que serán utilizados no proceso de ensinanza e aprendizaxe, en función da súa adecuación aos principios metodolóxicos xerais establecidos.

3.1.6 CRITERIOS DA OFERTA EDUCATIVA, ITINERARIOS E OPTATIVIDADE.

Á hora de ter en conta a petición de ciclos formativos, tense en conta:

- A demanda laboral das empresas de cada sector.
- A posibilidade de dispoñer dos recursos para poder ofertala.
- Que na comarca dispoñamos de empresas para poder levar a cabo a FCT.
- O feito de que na comarca non haxa oferta deses ciclos.
- A demanda por parte do alumnado.

No caso de Bacharelato, os criterios para facer grupos establécense en función da normativa da Consellería de Educación, das optativas escollidas e do profesorado do que dispoñemos.

MODALIDADE E OPTATIVIDADE

Respecto as materias específicas de modalidade ou vía en Bacharelato, ofertamos todas as obrigatorias ou de opción e na matrícula teñen a posibilidade de elixir por orde de preferencia, pero logo en función da demanda e da lexislación que establece o número mínimo esixible de alumnado para poder impartila, teremos unhas ou outras. A materia optativa Segunda Lingua Estranxeira ofertarase en todas as modalidades ou vías. O resto de materias optativas, poderán ser ofertadas en calquera das modalidades sempre que a organización e recursos do centro o permitan.

3.1.7 CRITERIOS PARA O DESEÑO DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Os Departamentos Didácticos farán entrega ao comezo de curso da proposta de actividades extraescolares e complementarias, formando parte Programación Xeral Anual e ser aprobadas polo Consello Escolar.

Estas actividades poden realizarse dentro ou fóra do horario lectivo e deberán respectar os principios de:

- Voluntariedade para o alumnado de realizarse fóra do centro.
- Non discriminación.
- Ausencia de lucro.
- Terán que estar relacionadas co currículo aínda que tamén se levarán a cabo actividades de convivencia, ou sobre temas transversais como igualdade, medioambientais, non violencia, non consumo de substancias aditivas...

Se algunha actividade, que implica a saída do centro, xorde ao longo do curso e non está incluída na PXA, deberá comunicarse ca suficiente antelación co fin de ser aprobada nunha convocatoria extraordinaria do Consello Escolar e comunicala a Inspección Educativa.

Cando se leven a cabo ditas actividades serán postas en coñecemento da vicedirección do centro para poder ser organizadas baixo a súa supervisión.

3.1.8. CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLANS DE REFORZO OU DE RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO QUE PROMOCIONE CON MATERIAS, ÁMBITOS OU MÓDULOS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES DE SER O CASO OU NON POIDA ACCEDER Á FCT POR TER MÓDULOS PENDENTES NO RÉXIME ORDINARIO

En **Bacharelato**, o alumnado que acade a promoción a segundo curso con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso.

As programacións didácticas deberán recoller os procedementos de seguimento, recuperación e avaliación do alumnado con materias pendentes.

O departamento didáctico programará actividades e/ou probas de avaliación para verificar ao longo das avaliacións a superación desas materias.

A avaliación final das materias pendentes terá que ser anterior á das materias de segundo curso.

Na **Formación Profesional**, o alumnado que promocioe de primeiro a segundo curso con módulos pendentes, deberá ser informado das actividades programadas para a súa recuperación, así como do período da súa realización, temporalización e data en que serán avaliados, que coincidirá coa sesión de avaliación parcial previa á realización da FCT, información que se recollerá nun informe individualizado.

O alumnado de segundo curso que non poida acceder á FCT no período ordinario por ter módulos pendentes de primeiro e/ou segundo curso, poderá recuperalos neste mesmo período. Para este fin, o equipo docente asignaralle unha serie de actividades de recuperación para os módulos non superados, con indicación expresa da data final en que serán avaliados a través do informe de avaliación individualizado, que conterá a información suficiente sobre os resultados de aprendizaxe non alcanzados polos alumnos e as alumnas, para que se teña en conta na súa posterior aprendizaxe.

O informe de avaliación individualizado será elaborado polo titor ou a titora en colaboración co resto do equipo docente, e nel consignarase a información que resulte necesaria para a continuidade do proceso de aprendizaxe do alumno ou da alumna. Este informe realizarase para o alumnado que alcance a promoción de curso con módulos pendentes, para o alumnado que non poida acceder á FCT por ter módulos pendentes no réxime ordinario e para o

alumnado que se traslade a outro centro sen ter rematado o curso. Incluirá, de ser o caso, as cualificacións parciais ou valoracións de aprendizaxe outorgadas ata ese momento ao alumno ou á alumna, as medidas tomadas de reforzo educativo ou de flexibilización na duración das ensinanzas, as validacións ou exencións concedidas, as actividades propostas para a recuperación de módulos, e cantos outros aspectos de índole educativa se consideren salientables. Unha copia deste informe será arquivada no expediente do alumnado.

3.1.9 CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN, PROMOCIÓN E TITULACIÓN.

AVALIACIÓN NO BACHARELATO

Aspectos xerais

A avaliación constituirá unha práctica habitual e permanente do profesorado dirixida a obter e rexistrar datos relevantes que faciliten a toma de decisións encamiñadas á mellora dos procesos de ensino e aprendizaxe do alumnado, tanto no ámbito individual como no colectivo. A avaliación no bacharelato será continua, formativa e diferenciada segundo as distintas materias:

- a) Continua: o profesorado debe ser coñecedor do progreso e das dificultades de aprendizaxe que presenta cada alumna e alumno durante todo o proceso educativo.
- b) Formativa: o profesorado debe empregar a información sobre a evolución da aprendizaxe do alumnado para reorientar, axustar e mellorar o proceso de aprendizaxe adaptándoo ás características persoais de cada alumna e alumno.
- c) Diferenciada: segundo as distintas materias: xa que o profesorado de cada materia decidirá, ao termo do curso, se a alumna ou o alumno logrou os obxectivos da materia.

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das materias e da etapa na avaliación das materias serán os criterios de avaliación que figuran no anexo II do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato.

Promoverase o uso xeneralizado de técnicas e instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe, que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado e que garantan, así mesmo, que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Se en calquera momento do curso, como consecuencia do proceso de avaliación continua, se detectase que o progreso dunha alumna ou dun alumno non é o axeitado, estableceranse as medidas máis adecuadas dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o seu proceso educativo.

Sesións de avaliación

Son as reunións que mantén o equipo docente de cada grupo, co obxecto de analizar o proceso de aprendizaxe de cada alumna e alumno, así como de tomar as decisións que adapten a intervención educativa ás características individuais do alumnado e ás do grupo.

O equipo docente do grupo estará constituído polo profesorado responsable da avaliación das materias en que estea matriculado o alumnado do dito grupo. Neste sentido, terase en conta que as materias pendentes forman parte da matrícula do alumnado. Porén, cando o equipo docente teña que tomar decisións respecto dunha alumna ou dun alumno, participará unicamente o profesorado responsable da avaliación das materias en que estea matriculada ou matriculado a alumna ou o alumno.

Ao longo do curso realizaranse unha avaliación inicial, como mínimo tres avaliacións parciais, unha avaliación final ordinaria e unha avaliación final extraordinaria. A terceira avaliación deberá coincidir coa avaliación final do período ordinario.

As sesións de avaliación serán coordinadas pola persoa titora do grupo e nelas participará o seu equipo docente. Analizarase a información sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantas alumnas e alumnos o compoñan. Nestas sesións de avaliación, con carácter xeral, contarase co asesoramento da xefatura do departamento de orientación e co apoio do equipo directivo.

En cada sesión a avaliación de cada materia é competencia do profesorado que a imparta ou, de ser o caso, realice o seguimento e avaliación das materias pendentes.

As decisións adoptadas polo equipo docente irán referidas á promoción, á titulación, e a todo aquilo que incida no proceso educativo de cada alumna ou alumno. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.

A titora ou o titor redactará a correspondente acta de desenvolvemento de cada unha das sesións de avaliación, na cal se farán constar a asistencia do profesorado, os asuntos tratados e as decisións e os acordos acadados e motivados referidos a cada alumna e a cada alumno, e ao grupo no seu conxunto, especificando aqueles que se refiran á valoración das aprendizaxes das alumnas ou dos alumnos e da práctica docente e as propostas de mellora.

PROMOCIÓN EN 1º BACHARELATO

Ao finalizar o primeiro curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente de cada alumna ou alumno adoptará a decisión sobre a súa promoción ao segundo curso.

As alumnas e os alumnos acadarán a promoción de primeiro a segundo de Bacharelato cando superen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo.

O alumnado que acade a promoción ao segundo curso con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso. As alumnas e os alumnos do primeiro curso de bacharelato que non cumpran as condicións de promoción establecidas deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade.

TÍTULO DE BACHARELATO

O título de bacharelato acredita o logro dos obxectivos establecidos para a etapa e a adquisición das competencias correspondentes.

Para obter o título de bacharelato cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.

Excepcionalmente, na convocatoria extraordinaria o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharelato por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:

1. Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.

2. Que non se produciu unha non asistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia, establecido nun 10%.
3. Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
4. Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerárase a nota numérica obtida na materia non superada.

2º BACHARELATO NON PROMOCIÓN NIN TITULACIÓN

As alumnas e os alumnos que ao termo do segundo curso tivesen avaliación negativa nalgúns materias (tanto de 1º e/ou de 2º curso) poderán matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas ou poderán optar, así mesmo, por repetir o curso completo. Neste último caso, non se manterán as cualificacións das materias do devandito curso que a alumna ou o alumno tivera superado previamente

AVALIACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL

Aspectos xerais

A avaliación da aprendizaxe do alumnado nos ciclos formativos realizarase de xeito diferenciado por módulos profesionais.

A avaliación na formación profesional inicial realizarase tomando como referencia os obxectivos, expresados en resultados de aprendizaxe, e os criterios de avaliación de cada un dos módulos profesionais e os obxectivos xerais do ciclo formativo, segundo o establecido no correspondente currículo.

A avaliación realizarase ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que ten un carácter continuo. Por este motivo, nas modalidades de ensino presencial cumprirá a asistencia do alumnado ás actividades programadas para os distintos módulos profesionais do ciclo formativo.

O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado responsable da titoría valorará as

circunstancias persoais e laborais do alumno ou a alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interior do centro.

O profesorado poderá non permitir a realización de determinadas actividades aos alumnos e ás alumnas que perdesen o dereito á avaliación continua, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmos, o resto do grupo ou as instalacións.

O alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua co cal, por razóns de inasistencia reiterada, non sexa posible utilizar os instrumentos de avaliación previstos inicialmente para cada módulo profesional, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final de módulos correspondente.

Sesións de avaliación

O profesorado que imparte docencia a un grupo de alumnado de formación profesional inicial constitúe o seu equipo docente, e estará coordinado polo profesor ou a profesora que se encargue da titoría do dito grupo.

As sesións de avaliación son as reunións de carácter colexiado que realice o equipo docente, convocadas e presididas polo profesor ou a profesora que se encargue da titoría do grupo, levadas a cabo co obxecto de contrastar as informacións proporcionadas polo profesorado de cada módulo profesional en relación coa valoración dos resultados de aprendizaxe do alumnado e co seu progreso na consecución dos obxectivos xerais do ciclo. Nestas sesións, o equipo docente tomará as decisións que afecten o proceso de avaliación e promoción do alumnado.

O titor ou a titora de cada grupo redactarán unha acta do desenvolvemento das sesións, na cal se farán constar, entre outros, os acordos alcanzados e as decisións adoptadas. A valoración dos resultados derivados destes acordos e destas decisións constituirá o punto de partida na seguinte sesión de avaliación. O equipo docente adoptará as medidas oportunas que garantan a máxima confidencialidade da información que mereza un tratamento reservado.

As sesións a realizar nos ciclos formativos de grao básico serán en primeiro curso unha avaliación inicial, tres parciais, unha final de módulo que coincide coa terceira parcial e outra extraordinaria de módulo. No segundo curso, unha avaliación inicial, dúas parciais, unha final de módulo que coincide coa segunda parcial e unha final de ciclo.

Nos ciclos formativos de grao medio levaranse a cabo no primeiro curso tres avaliacións parciais e unha final. No segundo curso faranse dúas parciais e unha final.

CRITERIOS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN DA FORMACIÓN PROFESIONAL

Nos **ciclos formativos de grao medio**, o alumnado promocionará a segundo curso cando teña superado todos os módulos do primeiro curso ou se a suma da duración do módulo ou módulos pendentes non supera as 300 horas.

O alumnado accederá á FCT no segundo curso cando teña superado os restantes módulos profesionais do ciclo.

Nos **ciclos formativos de grao básico**, promocionarán a segundo curso aqueles alumnos ou alumnas que superen a totalidade dos módulos de formación do primeiro curso, ou aqueles nos que os módulos profesionais asociados a unidades de competencia pendentes, non superen o 20% do horario semanal e superasen o módulo de Comunicación e Sociedade ou o módulo de Ciencias Aplicadas.

O alumnado accederá á FCT no segundo curso cando teña superado os restantes módulos profesionais do ciclo.

CRITERIOS DE TITULACIÓN EN CICLOS FORMATIVOS.

Nos **ciclos formativos** o alumnado titulará cando teña superado tódolos módulos profesionais e obteña unha cualificación positiva no período de Formación en Centros de Traballo (FCT).

TITULACIÓN NA ESO PARA O ALUMNADO DE CICLOS FORMATIVOS DE GRAO BÁSICO

Para poder acadar o título de Graduado en Educación Secundaria é necesario ter aprobados a totalidade dos módulos formativos do ciclo.

3.1.10 CRITERIOS XERAIS PARA A CONCESIÓN DE MATRÍCULA DE HONRA.

MATRÍCULA DE HONRA NO BACHARELATO

O Artigo 34 da Orde do 26 de maio de 2023 di sobre a Matrícula de honra que, o alumnado que, logo da avaliación final ordinaria do segundo curso, obtívese unha nota media do segundo curso igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo curso.

En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no segundo curso de bacharelato sexa inferior a vinte, poderá concederse unha distinción de matrícula de honra.

A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.

Recibirá a matrícula de honra a media máis alta . En caso de que coincida a mesma nota, en dous ou máis alumnos ou alumnas, terase en conta para desempatar:

1º criterio: mellor nota media na etapa.

2º criterio: a xunta de avaliación resolvería co acordo favorable da maioría simple dos seus membros.

MATRÍCULA DE HONRA NA FORMACIÓN PROFESIONAL.

No caso de **ciclos formativos da Formación Profesional**, poderase propoñer a concesión da matrícula de honra ao alumnado que obtivese unha nota final do ciclo formativo igual ou superior a nove puntos, sen que o número de matrículas de honra que se poidan conceder en cada ciclo formativo, con independencia do réxime de estudos, sexa superior a dúas. Non obstante, no caso de que o número de alumnos e alumnas matriculados con opción a titular no ciclo formativo sexa inferior a vinte, só se poderá conceder unha matrícula de honra.

Cando deba decidirse entre varios alumnos ou alumnas a quen se lle concede a matrícula de honra, seguiranse os seguintes criterios para a súa concesión, cada un dos cales será prioritario sobre o posterior:

1º criterio. Maior número de 10 no ciclo, (de 9 se continúa o empate; ou de 8 se aínda continúa o empate).

2º criterio: a xunta de avaliación resolvería co acordo favorable da maioría simple dos seus membros.

3.1.11 DECISIONS E CRITERIOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN E AVALIACIÓN DAS PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS.

BACHARELATO

A programación didáctica é o instrumento de planificación curricular específico e necesario para desenvolver o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado de maneira coordinada entre o profesorado integrante do departamento didáctico.

O profesorado, baixo a coordinación das xefaturas dos departamentos didácticos, terá en conta para o deseño ou a modificación das programacións didácticas os seguintes aspectos:

- a) O disposto no Decreto 157/2022, do 15 de setembro, e na normativa que o desenvolve.
- b) O disposto nos correspondentes regulamentos orgánicos.
- c) O dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva.
- d) As decisións e os criterios xerais establecidos na concreción curricular do centro.
- e) A información recollida no seguimento da programación e na memoria final do curso anterior.

As programacións didácticas das materias das ensinanzas de bacharelato incluirán, como mínimo, os seguintes elementos:

- a) Introducción.
- b) Obxectivos da materia e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave.
- c) Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da materia que se traballará, coa súa secuenciación e temporalización.
- d) Metodoloxía.
 - Concrecións metodolóxicas.
 - Materiais e recursos didácticos.
- e) Avaliación.

- Procedemento para a avaliación inicial.
- Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da materia, e criterios de recuperación.
- Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.
- Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias.

f) Medidas de atención á diversidade.

g) Transversal.

- Concreción dos elementos transversais.

- Actividades complementarias.

h) Práctica docente.

- Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.
- Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

O profesorado realizará o seguimento das programacións didácticas nos seus grupos de alumnado reflectindo o grao de cumprimento respecto ao planificado, a xustificación razoada no caso de producirse algunha desviación e as propostas de modificación e/ou mellora.

Esta información será valorada e analizada polo departamento didáctico cunha frecuencia mínima mensual do que se deixará constancia nas correspondentes actas de reunión.

CICLOS FORMATIVOS

O centro educativo desenvolverá o currículo das ensinanzas de formación profesional mediante a elaboración das correspondentes programacións para cada módulo profesional.

A programación de cada módulo, agás a do módulo de formación en centros de traballo deberá concretar os seguintes aspectos:

- Identificación da programación.
- Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.

– Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha.

– Por cada unidade didáctica:

a) Identificación da unidade didáctica.

b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se trata.

c) Obxectivos específicos da unidade didáctica, en relación coas actividades de ensino e aprendizaxe.

d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado, en relación cos instrumentos de avaliación, os mínimos exixibles e o peso da cualificación.

e) Contidos.

f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación.

– Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación.

Os contidos mínimos esixibles, serán precisos e explícitos, serán as “aprendizaxes imprescindibles” que debe adquirir un alumno ou alumna para superar unha unidade didáctica, avaliación ou curso

– Procedemento para a recuperación das partes non superadas.

a) Procedemento para definir as actividades de recuperación.

b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua.

– Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

– Medidas de atención á diversidade.

a) Procedemento para a realización da avaliación inicial.

b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.

– Aspectos transversais.

a) Programación da educación en valores.

b) Actividades complementarias e extraescolares.

A partir da análise do currículo de cada materia ou ámbito, o profesorado seleccionará procedementos e instrumentos de avaliación variados e coherentes co contido, a natureza, a finalidade e a metodoloxía implícita en cada un dos criterios de avaliación e os seus correspondentes indicadores e estarán en relación cos contidos mínimos esixibles.

As xefaturas de departamento responsabilizaranse da redacción das programacións, que serán elaboradas con carácter xeral polo profesorado que se vaia encargar de impartilas.

Co fin de garantir a función formativa que ten a avaliación e o dereito do alumnado a que o seu rendemento escolar sexa avaliado con plena obxectividade, conforme o establecido na normativa vixente, cada departamento de familia profesional incluírá na súa programación a sistemática que se vaia empregar para lle dar a coñecer ao alumnado a información relativa á programación de cada módulo profesional, con especial referencia aos obxectivos, aos criterios de avaliación que serán aplicados para evidenciar a adquisición das competencias establecidas no currículo, así como ao nivel mínimo que se considera suficiente para alcanzar a avaliación positiva.

Cada departamento de familia profesional realizará cunha frecuencia mínima mensual, o seguimento das programacións de cada módulo, no cal se reflectirá o grao de cumprimento con respecto á programación e a xustificación razoada no caso de desviacións. A programación será revisada ao inicio de cada curso académico á vista da experiencia do curso anterior e outras circunstancias. O referido seguimento e revisión constará nas correspondentes actas do departamento ou, de ser o caso, do equipo docente do ciclo.

De xeito xeral, o centro utilizará as aplicacións informáticas de programacións que pon á disposición a consellería con competencias en materia de educación para a elaboración e o seguimento das programacións didácticas (**Proens** en bacharelato e **Programacións** en formación profesional). Estas aplicacións informáticas tamén se utilizarán para a súa supervisión por parte das xefaturas de departamento, dos equipos directivos e da Inspección educativa.

O centro docente fará públicas as programacións didácticas co obxecto de facilitar o seu coñecemento polo conxunto da comunidade educativa. Así mesmo, nos primeiros días de actividade lectiva de cada

curso académico o profesorado, coordinado pola xefatura de departamento, e conforme o procedemento establecido no centro, informará sobre os aspectos da programación didáctica o alumnado e, de ser o caso, as nais, os pais ou as persoas titoras legais.

Así mesmo, informárase dos criterios de promoción e/ou de titulación regulados establecidos na concreción curricular do centro.

3.1.12 CRITERIOS PARA A PARTICIPACIÓN DO CENTRO EN PROXECTOS, PLANS E PROGRAMAS

Será a dirección do centro, departamentos ou profesorado a título individual quen poderá promover a participación en proxectos, plans e programas.

A dirección do centro porá estas proposta en coñecemento do claustro para informar e/ou aprobar a participación nelas, e de ser preciso, levarase ao consello escolar e se informará e/ou aprobará pola comunidade educativa.

3.1.13. O PROCEDEMENTO PARA A REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR

O equipo directivo responsabilizarase da difusión da concreción curricular, para o seu coñecemento por parte de toda a comunidade educativa.

Anualmente a CCP avaliará a concreción curricular e poderá propoñer as melloras que se consideren oportunas, e incorporar, modificar ou eliminar calquera dos apartados que o compoñen, tendo en conta os constantes cambios da normativa vixente, así como a súa contextualización, e a adecuación á realidade do centro.

4. XESTIÓN DOS RECURSOS DO CENTRO

4.1 Recursos materiais e plan para a súa obtención

O IES da Cañiza asume que a xestión do mantemento e o uso dos recursos, é unha área máis da mesma, e adopta como filosofía de actuación as seguintes directrices:

- Acomodar os edificios e as instalacións aos usuarios, atendendo a criterios de iluminación, ventilación, calefacción e outras que respondan ás características do alumado (armarios e vestiarios).
- Adecuar os edificios ás actividades adaptando os espazos de xeito que permitan distintas opcións na súa utilización.
- Utilizar de forma compartida e múltiple por diversos grupos de persoas e iniciativas, potenciando a rendibilidade dos espazos. Incluso facilitando o acceso a instalacións do centro a outras institucións e empresas, procurando a correspondente contraprestación que aumentaría os recursos propios.
- Promover a eficacia na xestión do mantemento dando solución óptima e rápida aos problemas.
- Adecuar os materiais a utilizar, pensando nas instalacións como espazos nos que se van facer actividades que supoñen o emprego de determinados materiais en condicións de comodidade e eficaz utilización. Teranse en conta as necesidades de almacenamento e localización de materiais e dos requisitos e formación para a súa utilización.
- Adecuar a moblaxe a:
 - ás instalacións, axustándose ás características dos espazos (radiadores, xanelas, tomas de corrente...).
 - ao alumnado e persoal, considerando criterios de tipo ergonómico que permitan unha utilización conveniente sen danar a súa integridade física ou psíquica. Atenderase ás características psicofísicas en aspectos como color, dimensións...
 - ás actividades, tendo en conta as actividades propias dos usuarios principais, atendendo aos criterios de flexibilidade, mobilidade e compatibilidade.

Os compromisos asociados á política de mantemento e bo uso, serán asumidos por todos os compoñentes do centro educativo.

4.2 Recursos humanos e a súa xestión

A política de persoal, no marco da capacidade de xestión do centro terá en conta as seguintes directrices:

- Procurar a máxima estabilidade do profesorado.
- Favorecer o compromiso cunha visión compartida do Centro.
- Fomentar a formación do profesorado e do persoal non docente.
- Ofrecer oportunidades de formación e retos profesionais e intelectuais ao persoal.
- Recoñecer os éxitos e os esforzos do persoal.
- Fomentar a confianza nas persoas e equipos e na súa capacidade de xestión.